

Contratación

ACTA NÚM. 2 ANÁLISE DE INFORME TÉCNICO E APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO NÚM. 2 DO EXPEDIENTE DENOMINADO BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RECINTOS FEIRAIS DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2024 (LOTE 1. ZONA DO REGUEIRIÑO E LOTE 2: CAMPO DA FEIRA) MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO.

Expte.: 2369/2024

DATA: 29/08/2024

HORA: 12:38

PROCEDEMENTO: Aberto.

TRÁMITE:Ordinario

LOTES:

- LOTE 1. ZONA DO REGUEIRIÑO
- LOTE 2: CAMPO DA FEIRA

IMPORTE MÍNIMO LICITACIÓN:

- LOTE NÚM. 1: ZONA DO REGUEIRIÑO: 26.068,58 €.
- LOTE NÚM. 2: CAMPO DA FEIRA: 25.335,14 € .

Composición da Mesa de Contratación:

Presidente: D. José Cuñarro Torres.

Vogais:

D. Salvador González Rodríguez (Secretario Accidental).

D^a. Susana Souto López (Interventora General).

D^a. M.^a Teresa Aller Gude (Administrativa Axenda Urbana)

Secretaria: Fátima Cortizo Seijas (Técnica de Contratación).

Iniciado o acto, a Secretaria procede á lectura do informe emitido polo Departamento de Contratación respecto da introdución de forma errónea da oferta económica no SOBRE NÚM. 1 pola empresa EVENTOS PIÑEIRO, S.L. O informe conclúe o seguinte:

(...)

Á vista dos antecedentes de feito e fundamentos de dereito expostos, tomando en consideración os aspectos clave a examinar segundo a resolución núm. 253/2019 do TACGAL, enriba transcrita:

● *Respecto da análise do caso concreto: non se trata dun expediente de contratación senón dunha concesión de bens de dominio público no cal a LCSP se relega ao campo da supletoriedade, neste caso empregouse un procedemento aberto con dous sobres por ser o xenérico, non recorrendo a procedementos simplificados (nos cales se introduce toda a documentación nun único sobre) que existen dunha serie de requisitos propios dos expedientes de contratación.*

● *O obxecto de que a valoración dos criterios técnicos suxeitos a xuízo de valor se realice antes de coñecer os criterios avaliábeis mediante fórmulas é evitar que ese coñecemento poida influenciar no procedemento de valoración: non existen criterios subxectivos que poidan condicionar a valoración final.*

1/5

1/5



Contratación

• A evolución da doutrina é cara non primar o formalismo sobre o material para evitar que deste aspecto se faga unha interpretación con resultados non conformes cos bens xurídicos en xogo e o seu equilibrio e proporcionalidade: a introdución errónea da oferta económica non supón unha vantaxe para a empresa que incorreu no erro nin supón un menoscabo do principio de igualdade de trato nin prexudica á outra licitadora, máis ben suporía un beneficio para esta no caso de ser excluída posto que pasaría a ser a única concorrente.

• O Consello de Estado segue ese criterio no seu ditame 670/2013, de 11 de xullo de 2013, con referencia a "la necesidad de ponderar las circunstancias concurrentes a la hora de excluir ofertas que incumplan o cumplan defectuosamente los requisitos formales de presentación de la documentación".

Xa que logo, tal e como se desprende dos argumentos expostos ao longo deste informe, o cumprimento das formas ha de ser un mecanismo para garantir a igualdade e equilibrio entre as partes.

O respecto ao principio de proporcionalidade así como aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, así como o de libre concorrencia e de selección da oferta economicamente máis vantaxosa, consagrados no artigo 1 da LCSP aconsellan, neste caso concreto, non excluír á licitadora que presentou a oferta de forma indebida posto que en ningún caso obtén vantaxe do erro no cal incorreu, fronte á outra licitadora, nin desta fronte a ela.

Entendo, seguindo a liña doutrinal reflectida neste informe, que no procedemento de licitación ha de rexer un principio antiformalista que garanta a a maior concorrencia posible non sendo procedente a exclusión da oferta presentada por EVENTOS PIÑEIRO S.L. por incluír erróneamente a oferta económica no SOBRE NÚM. 1.

(...)

Unha vez estudado o informe a mesa de contratación acorda asumir os argumentos esgrimidos no mesmo e por maioría dos asistentes acorda a admisión da proposición presentada pola empresa EVENTOS PIÑEIRO S.L.

Acto seguido, procédese a realizar o descifrado dos sobres ou arquivos electrónicos contidos no SOBRE NÚM. 2: PROPOSICIÓN ECONÓMICA, obténdose o seguinte resultado:

PROPOSICIÓN NÚM. 1: Presentada por **MAMBIS EVENTOS, S.L.** con CIF núm. B13740287. Presentada electrónicamente o día 13 de agosto de 2024 ás 14:48:40 horas. Realiza a seguinte oferta:

- Ofrece o seguinte importe: 29.000,00€ en concepto de adquisición da licencia .
- Comprométese a realizar a seguinte mellora:

Oferta de dous xeradores de 150 kvas con gasóleo



Contratación

PROPOSICIÓN NÚM. 2: Presentada por **EVENTOS PIÑEIRO, S.L.** con CIF núm. B70870647. Presentada electrónicamente o día 13 de agosto de 2024 ás 22:59:58. Realiza a seguinte oferta:

- Ofrece o seguinte importe: 26.000,00€ en concepto de adquisición da licenza .
- Comprométese a realizar as seguintes melloras:

Oferta de dúas carpas para as festas das Dores
Actuacións de Dj's

Acto seguido, a mesa procede a realizar os cálculos pertinentes e a clasificar as ofertas presentadas e admitidas, obténdose os seguintes resultados:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDemento PARA OUTORGAR AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CORRESPONDENTE ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RECINTOS FEIRAIS DAS FESTAS PATRONAIS 2024: LOTE 2: CAMPO DA FEIRA											
Núm. de Expediente:		2369/2024									
conceptos	TOTAL (SEN IVE)	IVE	TOTAL (CON IVA)		Ofertas presentadas válidas						
Orzamento mínimo licit	25.335,14		25.335,14		2						
LICITADOR	1.- INCREMENTO DO PREZO		2.- Oferta de dúas carpas para as festas das Dores		2.3.- Oferta de dous xeradores de 150 kvas con gasóleo		2.4.- Actuacións de Dj's		2.5.- Subministracións e colocación de cadeiras para os concertos das bandas de música		VALORACIÓN TOTAL
	Prezo ofertado (SEN IVE)	puntos	SI/NON	15	SI/NON	10	SI/NON	5	SI/NON	5	
EVENTOS PIÑEIRO SL	26.000,00 €	58,28	SI	15,00	NON	-	SI	5,00	NON	-	78,28
MAMBIS EVENTOS SL	29.000,00 €	65,00	NON	-	SI	10,00	NON	-	NON	-	75
	OFERTA MÁXIMA	29.000,00 €									

Tendo en conta a singularidade do procedemento, no cal a lei de contratos queda relegada ao campo da supletoriedade, tal e como establece o artigo 9.1 da LCSP e considerando que non hai criterios subxectivos que precisen de valoración técnica, a Mesa de Contratación por maioría dos seus asistentes acordou:

Primeiro.- Propoñer a declaración de deserto do Lote núm. 1: Zona do Regueiriño, posto que non se recibiu ningunha oferta.

Segundo.- Asumir o informe elaborado polo departamento de contratación e asinado o 26 de agosto de 2024 e polo tanto admitir a oferta presentada pola mercantil **EVENTOS PIÑEIRO, S.L.**

Terceiro.- Autorizar á Secretaria da mesa de contratación, para requirir á empresa **EVENTOS PIÑEIRO, S.L.** con CIF núm. B70870647, co fin de que no prazo de 10 días hábiles (segundo o previsto na Disposición Adicional 15 "Os prazos para contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación publicouse o mesmo día no Perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario os prazos computaranse desde a



Contratación

recepción da notificación polo interesado") presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente cos deberes tributarios coa Seguridade Social.
- Documentación acreditativa de estar ao corrente cos deberes tributarios coa Axencia Estatal da Administración Tributaria
- Documentación acreditativa de estar ao corrente cos deberes tributarios coa Axencia Tributaria de Galicia.
- Declaración responsable na que se acredite que a mercantil dispón da organización adecuada con suficientes medios persoais e materiais para a correcta execución do obxecto das actividades.
- Póliza e recibo de pago da prima do seguro de responsabilidade civil e de accidentes do recinto feiral con unha cobertura mínima de **(500.000 euros) CINCOCENTOS MIL EUROS**, sen franquía, que acredite a vixencia da póliza durante o tempo autorizado para a xestión do recinto feiral, debendo figurar o Concello de Lalín como asegurado sen perder a condición de terceiro.
- Xustificante de ingreso do prezo ofertado (26.000 €) na conta ES8420800503983110000067 ABANCA titularidade do Concello de Lalín.
- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por **importe de 1.300 €**.

Cuarto.- Autorizar á Secretaria da Mesa de contratación para a incorporación ao expediente do certificado de ausencia de débedas con Concello de Lalín da empresa EVENTOS PIÑEIRO, S.L.

Quinto- Formular proposta de adxudicación para o LOTE NÚM. 2: CAMPO DA FEIRA a favor da empresa EVENTOS PIÑEIRO, S.L. con CIF núm. B70870647, **supeditada a que a documentación requirida cumpra cos requisitos legalmente esixidos**, posto que a documentación presentada é correcta e cumpre coas esixencias contidas nas bases que rexen este procedemento.

Sexto.- Publicar na plataforma de contratación pública esta acta, xunto co informe elaborado polo departamento de contratación e asinado o día 26 de agosto de 2024.

Non sendo outro o obxecto da reunión levántase a sesión do que eu, como Secretaria da Mesa de Contratación, dou fe.


O Presidente da mesa de de Contratación
José Cuñarro Torres

A Secretaria da Mesa de Contratación
Fátima Cortizo Seijas

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

4/5





Lalínkmcero

Contratación



Concello de Lalín

